

PROTOCOLOS XVIII EDICION LUGO MONUMENTAL 2021

GRAN PREMIO CAIXABANK

A XVIII Edición da carreira popular Lugo Monumental , Gran Premio Caixabank organizada polo Concello de Lugo lembra a tódolos/as los/ inscritos/as adopción do seguinte Protocolo a seguir para a recollida de dorsais e participación na proba deportiva, co obxectivo de velar pola seguridade de participantes, público e organización:

- **PARA A RECOLLIDA DO DORSAL DA PROBA**
 - Será **IMPRESINDIBLE** entregar cuberta e firmada a Declaración Responsable que se pode descargar no seguinte enlace:

https://webs.ccnorte.es/media/10klugomonumental.com/documentos/Declaracion_responsable.pdf
 - **E PRESENTAR** calquera das seguintes tres opcións:
 1. Certificado de vacinación COVID
 2. Certificado da realización dun Test de Antíxenos cunha antelación máxima de 72h á celebración da proba.
 3. PCR negativo cunha antelación máxima de 72h á celebración da proba.
 - Estes dous requisitos están contemplados para os días de entrega de dorsais **Xoves 16 / Venres 17 / Sábado 18** en **Intersport Lugo** (rúa Bispo Aguirre) ou no lugar que escollera no procedemento de inscrición.
 - Sen esta aportación non recibirás o dorsal, nin poderás participar na proba.

- **O DOMINGO 19 DIA DA PROBA**
 - Para a participación na proba é **obligatorio estar en posesión do dorsal** oficial da proba recollido nos días designados no regulamento.
 - Tod@s @s atletas nos intres previos á saída, deberán **permanecer en todo momento coa máscara posta** salvo no momento da propia competición.
 - Os/as atletas deberan de colocarse no seu caixón asignado no dorsal antes da hora da saída.
 - Será motivo de **descualificación** para calquera atleta estar sen mascarilla no seu caixón, e noutro caixón que non lle corresponda.
 - As saídas faranse por **Tandas e caixóns de 300 atletas** simultaneamente, sempre os atletas deberán de ter posta a súa máscara.
 - As **Tandas sairán cunha separación de 1´entre elas.**
 - No momento xusto de dar a saída o/a atleta poderá retirar a **máscara posta aconsellando que a garde no seu poder**, aínda que poderá tirala nos contedores habilitados a carón dos caixóns de saída.
 - Unha vez que a tanda anterior a do atleta saia, o seu grupo ira ocupando o lugar da saída e así posteriormente.

- Unha vez **finalizada a carreira, o atleta deberá colocar a máscara**, ben empregando unha persoal ou a facilitada pola organización.na zona de meta.
- Ata que o atleta non abandone a zona de carreira unha vez saia da carpa do avituallamento non poderá sacar a mascarilla.
- Recomendamos que unha vez abandone a zona da proba a siga levando posta se non pode manter a distancia de seguridade respecto do publico ou outros participantes.
- **LEMBRAMOS QUE A PARTICIPACION NESTA PROBA É TOTALMENTE VOLUNTARIA E ESTA ADSCRITA O CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DETERMINADA POLA ORGANIZACION EN BENEFICIO DE TOD@S.**
- **O FEITO DE ESTAR INSCRITO/A CONFIRMA A ACEPTACIÓN DE TODA A NORMATIVA FIXADA POLA ORGANIZACION RESPECTO A TODOLOS ASPECTOS RELATIVOS Á PROBA.**
- **AXÚDANOS A CUMPRILA E A FACER CUMPRILA**
- **SE NON TE ATOPAS EN CONDICIONS O DIA DA PROBA, OU TES SINTOMAS, POR FAVOR QUEDA NA CASA, SÓ É UNHA CARREIRA MÁIS DAS MOITAS QUE AINDA TE QUEDAN POR PARTICIPAR, NON É TAN IMPORTANTE, O QUE SÍ O É E A TUA SAUDE E A DOS DEMAIS.**

CUIDATE E CUIDANOS!!!